

## ANIMACIÓN Á LECTURA 4º

O xoves, 4 de xuño, os [nen@s](#) de 4º fomos ao museo municipal de Ourense a unha actividade de animación á lectura. Catro monitores moi divertidos estábannos esperando na porta do museo. Con eles viaxamos en globo a Marrocos, Asia, Xapón, Portugal, ao Polo Norte e a moitos países máis.

Despois de viaxar estabamos moi cansos e contáronnos dúas historias fermosísimas. A primeira trataba dun neno e os seus inventos inútiles e a segunda dunha nena árabe que añoraba as comidas, olores e cores do seu país e sobre todo a casa da súa avoa.

Antes de irnos, deixáronnos ler libros nunha sala e contáronnos unha historia mentras outro monitor acompañaba cunha melodía de fruta.

Na despedida comentáronnos que pola tarde podíamos volver **A VIVIR MÁIS AVENTURAS COS SEUS EMOCIONANTES LIBROS.**

Carmen e Paula C.